



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE O PINO E A ASOCIACIÓN DE FESTAS SAN BREIXO DE FERREIROS

Na Casa Consistorial de O Pino, a 4 de outubro de 2024, ante min, **ÁNGELA MARÍA VIQUEIRA ALLO**, titular do DNI número ***2661**, como secretaria-interventora do Concello de O Pino, que dou fe.

COMPARECEN:

Dunha parte, **MANUEL TABOADA VIGO**, titular do DNI número ***7435**, como Alcalde do Concello de O Pino, en nome e representación do mesmo e en execución do acordo de adxudicación adoptado por Resolución de Alcaldía 2024-0254 de data 03/10/2024.

Doutra parte, **CÉSAR BUJÁN BARRAL**, con DNI número ***2641** en nome e representación da **ASOCIACIÓN DE FESTAS SAN BREIXO DE FERREIROS** con CIF número G70500251, e con domicilio a efectos do presente convenio en Lugar Igrexa – San Breixo de Ferreiros s/n 15821 O Pino (A Coruña)

As partes recoñécense mutuamente competencia para levar a cabo este acto.

EXPOÑEN:

Segundo o art. 28.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións, establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta Lei. Engadindo, no seu parágrafo 2.º, que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, ou nos das Corporacións Locais, sen prexuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora.

O art. 65 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, ao regular o procedemento de concesión das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos, dispón no seu apartado 1 que a efectos do disposto no art. 22.2 a) LGS, son subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario/a aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

Citando novamente o art. 65 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, ao regular o procedemento de concesión das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos, este dispón no seu apartado 3 que o procedemento para a concesión destas subvencións iniciárase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ao que se imputa a subvención, ou a instancia do/a interesado/a; e terminará coa resolución de concesión ou o convenio.

A subvención que se tramita non pode ser obxecto de publicidade e concorrência ao tratarse de actividades concretas realizadas por unha única entidade.

A entidade solicitante manifesta non estar incurso en ningunha das situacións que establece o artigo 13.2 da lei 38/2003 que imposibilitan a obtención da condición de beneficiaria, estando o corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Concello.

A asociación solicitante manifesta non estar incurso en ningunha das situacións que establece o artigo 31.6 parágrafo terceiro da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Aos efectos do previsto no artigo 31.7 c) parágrafo terceiro da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a entidade declara estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro.

De conformidade co que antecede, o Concello de O Pino e, consideran conveniente colaborar conxuntamente neste proxecto, formalizando esta colaboración a través do presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto. No ano 2024 asínase un convenio de colaboración entre o Concello de O Pino e a ASOCIACIÓN DE FESTAS SAN BREIXO DE FERREIROS coa finalidade de cooperar cos gastos debidamente xustificadas derivados da actividade propia da asociación, e que sexan necesarios para levar a cabo os fins que esta teña establecidos nos seus estatutos.

Segunda. O importe da subvención de NOVECIENTOS EUROS (900,00 €) destinarase única e exclusivamente ao cofinanciamento das actividades que desenvolve actualmente a asociación.

Terceira. O órgano competente para a concesión e aprobación do gasto é a Xunta de Goberno Local.

Cuarta. A entidade beneficiaria comprométese a destinar a devandita subvención para realizar a actividade fixada, cumprindo o obxectivo contemplado na cláusula I.

Quinta. Obrigas das partes.

O Concello de O Pino comprométese a:

- O outorgamento dunha subvención por importe de NOVECIENTOS EUROS (900,00 €) para facer fronte as festas patronais da parroquia de San Breixo de Ferreiros.

ASOCIACIÓN DE FESTAS SAN BREIXO DE FERREIROS comprométese a:

- A colaborar co Concello de O Pino e máis concretamente coa Concellería de Educación e Cultura na promoción de actividades destinadas a este colectivo ao que van dirixidas, e comprométese a facer constar e toda a publicidade das súas actividades a colaboración do Concello de O Pino.

Sexta. Duración. O período subvencionable abarcará dende a sinatura do convenio ata o 1 de decembro de 2024.

Serán causas de resolución anticipada do presente convenio as seguintes:

- O mutuo acordo das partes que o subscriben.
- A entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinan a súa extinción.
- O incumprimento, sempre de carácter esencial, de calquera das súas cláusulas.

Sétima. Financiamento. O Concello de O Pino comprométese a conceder unha subvención única por importe de 900,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 338.48000 do Orzamento Xeral do Concello de O Pino para o ano 2024.

De conformidade co disposto no artigo 19 Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a subvención será compatible con calquera outra subvención, axuda, ingresos ou recurso concedido para o mesmo obxecto, procedente de calquera administración pública, ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de outros organismos internacionais. En ningún caso o importe das subvencións poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia supere o custo da actividade subvencionada.

Oitava. Procedemento de aprobación do gasto e pago. O pago da subvención efectuarase, tras a comunicación da presente resolución e sinatura do correspondente convenio, tendo dito pago carácter de pago anticipado, sen necesidade de constituír garantías ao efecto, en virtude do disposto no parágrafo 4 do artigo 34 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena. Declaracións. Será condición previa para proceder á sinatura do convenio así como ao pago da subvención a presentación por parte da entidade beneficiaria da declaración de non estar incurso en ningunha das situacións que establece o artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 31.7.c da Lei de subvencións de Galicia, que imposibilitan a obtención da condición de beneficiaria, estando ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Concello de O Pino.

Décima. Xustificación da subvención. A efectos de XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA, será requisito necesario a presentación da Conta xustificativa segundo modelo normalizado que se adxunta ao presente Convenio nos termos do artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia 9/2007, e que en todo caso deberá conter:

1. Memoria de actuación con indicación das actividades realizadas, asinada pola persoa responsable.
2. Memoria económica xustificativa do custo segundo o Modelo de Conta xustificativa de subvencións, asinada pola persoa responsable, que conterá:
 - Relación de todos os gastos realizados no proxecto subvencionado, con identificación da factura, importe e proveedor.
 - Relación detallada de todos os ingresos con que se financiou a actividade (incluíndo a subvención concedida) con indicación do seu importe e procedencia.
 - Declaracións segundo os puntos do modelo establecido e que se acompaña
3. Certificados de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. (Certificados da AEAT, Consellería de Facenda e da Seguridade Social).
4. Facturas orixinais ou fotocopia compulsada das mesmas, cos requisitos establecidos no R.D. 1496/2003. Como mínimo conterán:
 - Número de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión.
 - Denominación social, NIF e domicilio de quen expide a factura e do destinatario/a.
 - Descrición e data de realización da operación.

- Importe, desglose do IVE con indicación do tipo aplicable e total. Non se admitirán facturas no que se faga constar "IVE engadido".
 - Recargos, descontos e retencións aplicables.
5. Ademais nas facturas, deberá acreditarse o seu pagamento da seguinte forma:
- En todas as facturas deberá aparecer conxuntamente as seguintes indicacións:
 - "Pagado" ou "Recibín".
 - Data do pago.
 - Sinatura e identificación da mesma (DNI ou nome completo de quen asina).
 - Selo da empresa.
 - Cando a factura teña sido pagada mediante transferencia bancaria ou talón deberá aportarse extracto bancario que xustifique a transferencia ou ingreso na conta do beneficiario/a.
6. No caso de gastos imputables á actividade, como nóminas ou porcentaxes de facturas, deberán acompañarse estas de informe onde se certifique a porcentaxe aplicable á actividade.
7. Calquera outra documentación que sexa requirida pola Intervención municipal, en función das características especiais da subvención.

O prazo para a xustificación será de tres meses dende a celebración da actividade/programa subvencionable, ou en caso de contemplarse varias, dende a última celebrada, e en todo caso antes do 1 de decembro de 2024.

O incumprimento do prazo de xustificación dará lugar a inicio de expediente de reintegro.

Once. Natureza e xustificación. O presente convenio atópase excluído do ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público, 9/2017, do 8 de novembro.

A existencia de calquera tipo de discrepancia entre as partes resolveranse conforme ao que a tal efecto se determine polo orde xurisdiccional Contencioso-Administrativo.

E en proba de conformidade co que antecede, as partes firman por duplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data no encabezamento indicados.

O alcalde
Manuel Taboada Vigo

O adxudicatario
César Buján Barral, en representación da
ASOCIACIÓN DE FESTAS SAN BREIXO DE FERREIROS

A secretaria-interventora, que dou fe.
Ángela María Viqueira Allo



MODELO DE CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN OBXECTO DE CONCESIÓN DIRECTA DO CONCELLO DO PINO.

CONTA XUSTIFICATIVA

DON/DONA..... con D.N.I. número

DECLARO:

A. MEMORIA DA ACTUACIÓN [Xustificar o cumprimento das condicións impostas para a concesión da subvención]

Descrición da Actividade/programa realizada/o Resultados Obtidos

B. MEMORIA ECONÓMICA [Xustificar o custo das actividades realizadas].

B.1. Sendo concedida por parte do Concello de, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data de de unha subvención por importe de.....euros, destinada á realización de realizáronse os gastos e ingresos que a seguir se relacionan:

Acredor/a (CIF)	Descrición do gasto	Data emisión	de Data de pago	Documento acreditativo	Medio de pago	Importe
					Total	

Se achegarán as facturas orixinais ou outros documentos contables acreditativos do pago. Se achegarán os certificados, cargos bancarios ou detalles de movementos de conta que acrediten o gasto.

Indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación de gastos e investimentos da actividade, excepto naqueles casos nos que as bases reguladoras da subvención teñan previsto a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.

B.2. Que os gastos que arriba se detallan, son reais e aplicáronse á finalidade subvencionada.

B.3. Que a entidade (si/non) se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade:

IMPORTE	PROCEDENCIA

B.4. Que o importe das axudas e subvencións concedidas para a actividade non superaron o importe total dos gastos realizados, sendo destinadas todas as aportacións á actividade subvencionada.

B.5. Que a actividade foi realizada de acordo coa finalidade para a que se concedeu a subvención e que foron cumpridos os obxectivos pretendidos na actividade, nos termos expresados na MEMORIA que se achega ca presente conta xustificativa.

B.6. Xustificación a través de medios publicitarios onde se faga constar a colaboración do concello do Pino ca entidade no desenrolo das actividades.

C. OUTROS DOCUMENTOS A APORTAR NA CONTA XUSTIFICATIVA

C.1. Cando o importe de algúns gastos superen a contía de 15.000 € no caso de obras, se aportarán relación de presupostos pedidos, e xustificación escrita do presuposto elixido.

C.2. Carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, no caso de subvencións prepagables.

Pola presente, D. _____, como presidente da entidade beneficiaria da subvención declaro baixo a miña responsabilidade:

Que todos os datos presentados nesta conta xustificativa son certos.

Que todos os gastos presentados na presente conta xustificativa foron pagados na súa totalidade ao provedor/a ou subministrador/a.

Que non se concedeu ningunha axuda ou subvención de ningunha outra Administración Pública e cuxo obxecto coincida coa subvención cuxa conta xustificativa se presenta neste documento. E se non é así, indicouse no apartado B3.

Có fin de xustificar a axeitada execución do gasto realizado e o fiel cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, se emite o presente certificado

O Pino a _____ de _____ de 2024

O presidente da entidade beneficiaria da subvención

Asdo. _____